



CONTRATO DE PRECARIEDAD para enfermeiros/as

NON

CRAZAS!

CIG-SAÚDEinforma

Contrato de precariedade para enfermeiras/os. NON GRAZA

Un paso máis na cronificación da precariedade laboral do SERGAS

Con data 3 de xullo de 2019 na comisión de seguimento do chamado nomeamento de continuidade e estabilidade do persoal do SERGAS, as organizacións sindicais que o asinaron, acordaron estender este vínculo que en principio só era para médicas/os, **ás/os enfermeiras/os**.

Cando menos deberían gardar as formas, a negociación deste nomeamento é competencia da Mesa Sectorial.

As comisións de seguimento non teñen competencia para negociar novos acordos, a súa competencia é velar e interpretar o correcto funcionamento do acordo asinado.

Sorpréndenos este acordo, é que ningunha destas organizacións sindicais, nin o SERGAS, escolexen o rexeitamento que este contrato provocou no persoal médico?

Este nomeamento consolida a precariedade laboral e se caracteriza por:

- Incrementar a **dispoñibilidade** horaria e de mobilidade xeográfica das/os enfermeiras/os.
- Non respectar **as libranzas**. O problema da precariedade non é asinar 20 contratos nun mes, se non durante eses 20 días prestas servizos en distintos servizos ou unidades e sen ter as túas correspondentes libranzas.
- Non ter unha **carteleira estable**. Non vas coñecer a totalidade da túa carteleira mensual, nin os sitios onde vas traballar.
- Estender o réxime de prestación a **máis de dous centros** do mesmo distrito sanitario. Poderá ser no mesmo día?
- Cubrir os PACs con *contrato de gardas* e non con contrato de xornada ordinaria. Isto supón que as/os enfermeiras/os que asinen este vínculo non cobrarán as retribucións de continuidade: noites e festivos.
- E o peor, con este acordo as **futuras prazas estables** (interinidades e OPE) que se creen na categoría de enfermeiras/os, serán **ser coas condicións de prestación de servizos recollidas nel**.

O SERGAS ten que rematar xa coa modalidade de contratación en precario e non cronificar esta situación.

CIG-SAÚDE esixe a retirada inmediata deste vínculo de precariedade laboral e pretende aplicar tamén ás/os enfermeiras/os.

Esiximos a convocatoria dunha **Mesa Sectorial** para abordar, con urxencia, a **precariedade laboral no SERGAS** e que se adopten as medidas necesarias para rematar coa mesma, creando **prazas estables**. E para incrementar o número de prazas, esiximos **rematar coa taxa de reposición**.

Así mesmo esiximos que **se cubran as ausencias das/os titulares e non a súa carteleira**, para eliminar os contratos por días, por horas, que o único que provocan é que o persoal non teña dereito ao disfrute das libranzas.

